

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Con respecto ao tratamento antiagregante para pacientes sometidos a cirurxía de revascularización coronaria, que afirmación é FALSA segundo as guías da Asociación Europea de Cirurxía Cardiotorácica?

- A) Nos pacientes con síndrome coronaria aguda que reciban tratamento antiagregante plaquetario dobre e non requiran tratamento anticoagulante oral, recoméndase renovar o tratamento cun inhibidor do P2Y12 tan pronto se considere seguro despois da intervención e mantelo durante 12 meses.
- B) Para pacientes con infarto de miocardio previo e alto risco de hemorragias graves coa puntuación HAS-BLED, debe considerarse suspender o tratamento de inhibición do P2Y12 despois de 6 meses.
- C) Recoméndase que o Heart team avalíe de maneira individualizada os riscos isquémico e hemorráxico, o momento idóneo para a cirurxía coronaria e o tratamento antitrombótico.
- D) Para pacientes tratados con ácido acetilsalicílico que requiren cirurxía cardíaca non urxente, recoméndase continuo a doses baixas durante o período perioperatorio.

2. Cal das seguintes NON é unha estratexia para a protección da medula durante a cirurxía da aorta torácica descendente?

- A) Administración de corticoides.
- B) Descenso da presión arterial sistémica.
- C) By-pass esquerdo.
- D) Circulación extracorpórea con hipotermia profunda.

3. En protección cerebral con hipotermia na cirurxía aórtica, o método Alfa Stat refírese a:

- A) Medida do ATP tras a reperusión.
- B) Nivel do calcio intracelular durante a isquemia miocárdica.
- C) Control do Dióxido de Carbono durante a perfusión extracorpórea.
- D) Medida do fluxo sanguíneo cerebral.

4. Con respecto ao canal auriculoventricular completo, sinale a resposta FALSA:

- A) A anomalía cardíaca asociada máis frecuente é a Tetraloxía de Fallot.
- B) O 75% dos/as pacientes ten síndrome de Down.
- C) Nos/as pacientes que, ademais teñen síndrome de Down, é máis frecuente atopar obstrución ao tracto de saída do ventrículo esquerdo.
- D) O tipo B de Rastelli é o menos frecuente.

5. Segundo o consenso de expertos en soporte circulatorio mecánico a longo prazo da EACTS 2019, en canto á valoración preoperatoria dos/as pacientes candidatos/as a implante de sistema de asistencia, sinale cal das seguintes NON é criterio de indicación de implante:

- A) Clase funcional IIIb ou IV da NYHA (New York Heart Association).
- B) Insuficiencia cardíaca conxestiva secundaria a miocardite vírica.
- C) Fracción de exección de ventrículo dereito menor igual a 25 %.
- D) Dependencia de inótrópos para manter tensión arterial.

6. Cal das seguintes afirmacións sobre o manexo da insuficiencia mitral é FALSA de acordo coas guías europeas 2017 para o manexo de valvulopatías?:

- A) Os pacientes asintomáticos con insuficiencia mitral severa e fracción de exección do ventrículo esquerdo (FEVI) maior que 60% deben ser seguidos clínica e ecocardiograficamente cada 2 anos.
- B) Cando se alcanzan as indicacións de cirurxía segundo as recomendacións das guías, a cirurxía temperá (nos primeiros 2 meses) asóciase con mellores resultados.
- C) Os pacientes asintomáticos con insuficiencia mitral moderada e función do VI conservada deben ter un seguimento clínico anual e seguimento ecocardiográfico cada 1 ou 2 anos.
- D) A taxa de insuficiencia mitral residual coa reparación transcatóter "bordo con bordo" ("edge- to- edge") a 5 anos é máis alta que coa reparación cirúrxica.

7. Coñécese como Síndrome de Laubry á asociación de:

- A) CIV con estenose pulmonar.
- B) CIV con insuficiencia aórtica.
- C) CIV con estenose mitral.
- D) CIV con insuficiencia mitral.

8. Unha paciente de 65 anos con estenose mitral severa é intervida e implántaselle unha bioprótese. Permanece en ritmo sinusal. Sinale a resposta CORRECTA segundo as guías da Asociación Europea de Cirurxía Cardiotorácica.

- A) Durante os tres primeiros meses a anticoagulación con antagonistas da vitamina K debe ser considerada (clase IIa, nivel C).
- B) Se o diámetro da aurícula esquerda é menor de 50 mm, pode recomendarse un novo anticoagulante oral non dependente da vitamina K durante os tres primeiros meses (clase III, nivel C).
- C) Escala PRECISE-DAPT avalía o risco de sangrado con antagonistas da vitamina K.
- D) Durante os tres primeiros meses pode considerarse antiagregación con ácido acetilsalicílico (clase IIb, nivel C).

9. A trombocitopenia inducida por heparina (TIH) constitúe unha complicación hematolóxica potencial en relación coa anticoagulación dos pacientes adultos sometidos a cirurxía cardíaca con circulación extracorpórea (CEC). Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) A TIH pode ocasionar trombose arterial e venosa difusa, e conleva unha mortalidade de ao redor dun 20%.
- B) A TIH ocorre debido a un fenómeno inmunolóxico causado pola formación de anticorpos IgG que se unen ao complexo factor plaquetario 4 (PF4) - heparina, producindo a activación plaquetaria.
- C) A TIH é máis común co uso de heparina non fraccionada que con heparinas de baixo peso molecular.
- D) A bivalirudina é un inhibidor directo da trombina que se une de forma irreversible á trombina e ten unha vida media aproximada de 25 minutos.

10. En canto á toma de decisións e información ao paciente con enfermidade coronaria estable, que afirmación é VERDADEIRA segundo as guías da Asociación Europea de Cirurxía Cardiotorácica?

- A) En xeral, os pacientes estables con enfermidade complexa, como se define na escala SYNTAX, deben ser valorados polo Heart team e non tratados ad hoc.
- B) Recoméndase informar adecuadamente aos pacientes sobre os beneficios do procedemento de revascularización a curto e longo prazo, incluída información sobre a experiencia do centro, e darlle o tempo necesario para tomar unha decisión despois de ser informado.
- C) Recoméndase que o Heart team desenvolva protocolos institucionais para implementar a estratexia de revascularización máis axeitada e acorde coas guías de práctica clínica vixentes.
- D) Todas as anteriores.

11. Tras un evento coronario, que factor NON considera como factor de risco para o desenvolvemento dun aneurisma de ventrículo esquerdo?:

- A) Ausencia de circulación coronaria colateral.
- B) Non reperfusión da arteria coronaria culpable.
- C) Antecedente persoal de hipertensión arterial.
- D) Presentación con shock cardioxénico agudo.

12. Paciente con antecedente de cirurxía de substitución valvular mitral por prótese mecánica hai 1 mes. Ingresa por febre. Cultivos positivos para *S. aureus* e factor reumatoide positivo. O ecocardiograma transtorácico non demostra endocardite. Non presenta fallo cardíaco e os hemocultivos negativízanse ás 72 horas do tratamento antibiótico. Cal das seguintes afirmacións é FALSA segundo as guías da Sociedade Europea de Cardioloxía?

- A) Recoméndase realizar ecocardiograma transesofáxico.
- B) Se se realiza 18F-FDG PET e se detecta actividade anormal ao redor do lugar do implante, debe considerarse un criterio maior.
- C) Segundo os criterios modificados da Sociedade Europea de Cardioloxía, o paciente ten o diagnóstico de endocardite definida.
- D) Pode recomendarse a realización de TAC cardíaco.

13. Con relación ás infeccións tras un transplante cardíaco, que afirmación considera INCORRECTA:

- A) Algunhas infeccións aumentan o risco de desenvolver neoplasias a longo prazo.
- B) O citomegalovirus é o axente causal máis frecuente das infeccións virais tras o transplante cardíaco.
- C) As infeccións víricas son máis frecuentes nos 3 primeiros meses tras o transplante e as bacterianas a partir do terceiro mes.
- D) As infeccións máis frecuentes tras un transplante cardíaco son as respiratorias e as urinarias.

14. Cal dos seguintes parámetros ecocardiográficos define unha insuficiencia mitral primaria como severa?:

- A) Anchura de vea contracta maior ou igual que 6 mm.
- B) Área efectiva do orificio regurxitante maior ou igual que 30 mm².
- C) Volume regurxitante maior ou igual que 30 ml/latexado.
- D) Ningunha das anteriores.

15. Cal dos seguintes NON é un marcador de mal pronóstico para a supervivencia na miocardiopatía restritiva?:

- A) Anxina ou signos electrocardiográficos de isquemia.
- B) Dimensión de aurícula esquerda maior que 60 mm.
- C) Sexo feminino.
- D) Hipertensión pulmonar reactiva.

16. Nas recomendacións da European Association for Cardio- Thoracic Surgery (EACTS) de 2020 para o tratamento endovascular da aorta torácica (TEVAR) na patoloxía aórtica aguda e crónica, establécese a definición de tratamento TEVAR exitoso. Indique a resposta CORRECTA en referencia á devandita definición:

- A) Ausencia de endofugas tipo IA, tipo IB e tipo III.
- B) Ausencia de endofugas tipo IA, tipo IB, tipo II e tipo III.
- C) Ausencia de endofugas tipo IV e V.
- D) Ausencia de endofugas tipo IA, tipo IB, tipo II, tipo III, tipo IV e tipo V.

17. Segundo o algoritmo de tratamento recomendado para pacientes con disección tipo B non complicada (Documento de consenso de expertos da ESC/ EACTS 2020), en que caso se recomendaría a reparación aórtica torácica endovascular (TEVAR) entre os 15 e 90 días?

- A) Flap de entrada primario na curvatura maior.
- B) Un diámetro de aorta maior de 35 mm.
- C) Un diámetro da falsa luz maior de 15 mm.
- D) Flap de entrada primario maior de 10 mm.

18. En canto á valvuloplastia con balón como ponte ao tratamento da estenose aórtica mediante cirurxía ou TAVI:

- A) Non está indicada nunca.
- B) É una indicación tipo IIB.
- C) Só esta indicada en pacientes asintomáticos/as.
- D) É una indicación de tipo III.

19. Que afirmación das seguintes é VERDADEIRA?

- A) O fallo precoz do enxerto cirúrxico con repercusión clínica é frecuente (aproximadamente un 30%) tras a cirurxía de revascularización miocárdica (CABG).
- B) Tras a intervención coronaria percutánea (ICP) da lesión culpable nas síndrome coronarias agudas, a elección da modalidade de revascularización posterior non debe seguir os mesmos criterios que se aplican aos pacientes con enfermidade coronaria estable.
- C) Para pacientes tratados con AAS que requiren cirurxía cardíaca non urxente, non se recomenda continuar cun réxime de AAS a doses baixas durante o período perioperatorio.
- D) A CABG repetida multiplica entre 2 e 4 veces a mortalidade da cirurxía inicial, polo que normalmente non se realiza e óptase pola ICP.

20. Sinale a resposta CORRECTA sobre o emprego da proba de esforzo cardiorrespiratoria e o consumo máximo de osíxeno (VO_2) como guía para a inclusión en lista de espera de transplante segundo as guías internacionais da International Society for Heart and Lung Transplantation (ISHLT):

- A) En pacientes con intolerancia a un betabloqueante, debe utilizarse un valor de corte do VO_2 de menor ou igual que 12 ml/kg/min como guía para a inclusión en lista de espera de transplante.
- B) En presenza dun betabloqueante, debe usarse un valor de corte do VO_2 máximo de menor ou igual que 10 ml/kg/min como guía para a inclusión en lista de espera de transplante.
- C) A presenza dun dispositivo de TRC non modifica os valores de corte do VO_2 .
- D) Todas son correctas.

21. Cal das seguintes afirmacións é FALSA sobre a protección miocárdica?:

- A) O dano tras un período de isquemia miocárdica pode resultar nun período de duración variable tanto de disfunción sistólica como diastólica sen necrose muscular.
- B) O dano isquémico miocárdico comeza fundamentalmente no epicardio pola súa maior taxa metabólica.
- C) A función das células especializadas do sistema de conducción cardíaco altérase precocemente cando se produce isquemia miocárdica global.
- D) O aumento da entrada de calcio nos miocitos e o seu acúmulo especialmente nas mitocondrias son características fundamentais do dano por reperfusión tras isquemia miocárdica.

22. Un home de 34 anos, consumidor habitual de drogas por vía parenteral, ingresa por febre, dor torácica e hemoptise. O ecocardiograma transtorácico mostra vexetación de 15 mm na válvula tricúspide, con insuficiencia moderada e o TAC torácico, embolismos pulmonares sépticos. Os hemocultivos atópanse pendentes. cal das seguintes afirmacións é VERDADEIRA?

- A) É necesario realizar un ecocardiograma transesofáxico para avaliar mellor a válvula tricúspide.
- B) A cirurxía ten indicación de clase IIa polo tamaño da vexetación para previr novos embolismos.
- C) A pesar dunha mortalidade relativamente baixa, a endocardite infecciosa en usuarios de drogas por vía parenteral ten alto risco de recorrencia.
- D) O máis frecuente é que en hemocultivos demóstrase unha infección polimicrobiana.

23. En relación á rotura de músculo papilar post-infarto, sinale a resposta CORRECTA:

- A) É unha complicación que se asocia a pacientes con depresión severa da función ventricular esquerda.
- B) O músculo papilar que con maior frecuencia se afecta é o papilar anterolateral.
- C) O músculo papilar que con maior frecuencia se afecta é o papilar posteromedial.
- D) No momento actual, o tratamento desta complicación adoita incluír a cirurxía de substitución valvular mitral de emerxencia e a utilización electiva de dispositivos de asistencia ventricular esquerda.

24. En relación cos corazóns artificiais totais una das seguintes afirmacións é FALSA:

- A) A principal vantaxe con respecto aos sistemas de asistencia ventricular é que proporcionan soporte biventricular cun dispositivo implantable.
- B) Son candidatos/as a esta terapia pacientes con superficie corporal igual ou maior a 1,7 m².
- C) É unha terapia que permite a opción de ponte á recuperación do corazón do/a paciente.
- D) Esta terapia permite o seguimento dos/as pacientes en réxime ambulatorio.

25. Respecto á hipotermia con parada circulatoria, que afirmación é CORRECTA?

- A) Durante o arrefriamento debe manterse un gradiente de temperatura entre a auga do intercambiador e o sangue inferior a 10°C, excepto en pacientes obesos nos que o gradiente pode ser maior.
- B) Aínda que algúns estudos demostraron o efecto neuroprotector dos corticoides preoperatorios, outros non demostraron esta vantaxe.
- C) Os niveis de glicemia deben ser estritamente monitorados porque a liberación de catecolaminas endóxenas durante o arrefriamento produce hipoglicemia.
- D) Durante a parada circulatoria, a función cerebral pode ser monitorada co índice biespectral (BIS), cuxos valores deben manterse entre 60 e 80.

26. Respecto á monitoraxe durante a hipotermia con parada circulatoria, cal das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) Un dos métodos para o manexo do equilibrio acedo-base é o método alfa-stat, o cal se caracteriza por niveis de CO₂ máis baixos e gasometrías lidas a 37°C.
- B) Outro é o Ph-stat, que se caracteriza por niveis máis altos de PCO₂ e gasometrías corrixidas á temperatura do paciente.
- C) É preciso un control estrito da glicemia para manter valores entre 180 e 200 mg/dl.
- D) Un dos sistemas de monitoraxe cerebral é a saturación rexional de osíxeno cerebral (INVOS), que é unha mestura de sangue venosa (75%), sangue arterial (20%) e sangue capilar (5%).

27. De entre as seguintes sentenzas sobre a estenose aórtica, sinale a resposta FALSA:

- A) É lixeira se a área é maior de 1.5 cm².
- B) É moderada se o gradiente medio está entre 25–40 mm de HG.
- C) É severa se excede os 4.0 m/ s de velocidade pico.
- D) É severa se a área é inferior a 0.8 cm².

28. Respecto á úlcera aórtica penetrante (UAP), de acordo coas actuais guías da Sociedade Europea de Cardioloxía, que afirmación é FALSA?

- A) Defínese UAP como a ulceración dunha placa aterosclerótica penetrante a través da lámina elástica interna dentro da media.
- B) A localización máis frecuente das UAP é a aorta torácica descendente media e baixa (UAP tipo B).
- C) Para os pacientes con UAP de calquera localización, débese considerar tratamento médico incluído alivio da dor e control da presión arterial (indicación clase IIa, nivel de evidencia C).
- D) En caso de UAP de tipo A, débese ter en conta a cirurxía (indicación clase IIa, nivel de evidencia C).

29. Respecto á Insuficiencia mitral de orixe isquémica, sinale a CORRECTA:

- A) O tipo I de Carpentier é o máis frecuente.
- B) No tipo II de Carpentier, o mecanismo produtor da regurxitación é o movemento restritivo do veo posterior mitral durante a sístole ventricular.
- C) O tipo IIIb de Carpentier nunca aparece de forma aguda.
- D) É aconsellable realizar a anuloplastia con aneis sobrecorrectores.

30. Respecto dos aneurismas toracoabdominais, cal das seguintes consideracións é FALSA?

- A) O tipo IV da clasificación de Crawford é o que máis se asocia a complicacións postoperatorias.
- B) A maioría son de causa dexenerativa.
- C) Un crecemento do saco aneurismático maior de 1 cm por ano considérase indicación cirúrxica.
- D) Durante a cirurxía a presión arterial media da aorta distal ten que ser mantida por encima de 80 mmHg para previr a isquemia medular.

31. Con respecto ao manexo da dilatación de aorta ascendente en pacientes con válvula aórtica bicúspide, que afirmación é CORRECTA segundo as guías da Sociedade Europea de Cardiología?

- A) Tras o diagnóstico dunha válvula aórtica bicúspide, a raíz aórtica e a aorta ascendente deben valorarse por ETE ou TAC para dispoñer de medidas basais para o seguimento.
- B) En pacientes con válvula aórtica bicúspide, debe realizarse un seguimento anual das medidas de raíz aórtica e aorta ascendente.
- C) A valoración inicial da raíz aórtica e aorta ascendente pode ser soamente con ETT ou asociar outra modalidade de imaxe, preferentemente RMN.
- D) Está indicado asociar outra modalidade de imaxe para o seguimento (TAC ou RMN) se se constata un diámetro maior a 40 mm con ETT.

32. A coartación de aorta (CoA):

- A) Localízase en menos da metade dos casos na área de inserción do ductus arterioso e no resto de casos localízase en aorta ascendente, descendente ou aorta abdominal.
- B) Trátase só dun estreitamento da aorta e non se considera unha arteriopatía xeneralizada.
- C) En máis da metade dos casos asóciase á válvula aórtica bicúspide.
- D) Nos casos severos os signos e clínica xeralmente aparecen na idade adulta.

33. Varón de 71 anos con endocardite sobre marcapasos, que afirmación é CORRECTA segundo as guías da Sociedade Europea de Cardiología?

- A) O antibiótico empírico de elección é a cloxacilina.
- B) Se presenta vexetación en cable maior de 10 mm non se aconsella a súa extracción percutánea (clase IIa, nivel B).
- C) Despois da extracción do sistema, se o paciente é marcapasos dependente e non é posible implantar novo dispositivo, aconséllase marcapasos transvenoso temporal (clase IIa, nivel B).
- D) Aconséllase hemocultivos negativos 72 horas antes do implante dun novo dispositivo.

34. En relación á insuficiencia mitral isquémica, sinale a resposta INCORRECTA:

- A) A cirurxía valvular ten unha indicación IIb se non existe posibilidade de revascularización e a FEVI maior que 30%, aínda que o/a paciente estea asintomático/a (Guías Europeas de Práctica Clínica).
- B) A reparación valvular mitral non demostrou ser superior en supervivencia ao recambio valvular mitral.
- C) Un ángulo de veo posterior maior de 45 graos é un marcador de recorrencia tras a reparación.
- D) Se o risco cirúrxico é elevado e non existe posibilidade de revascularización con FEVI maior que 30% pode considerarse a intervención percutánea "bordo a bordo" cunha indicación IIb C (Guías Europeas de Práctica clínica).

35. Ante un paciente de 28 anos de idade recentemente diagnosticado de Miocardiopatía Hipertrófica Obstrutiva (MHO), con gradiente en Tracto de Saída de Ventrículo Izquierdo de 40 mmHg, debemos recomendar:

- A) A MHO é unha entidade nosolóxica de alto risco que precisa cirurxía cardíaca (miectomía septal) como indicación terapéutica de primeira liña, sobre todo tendo en conta a idade do paciente.
- B) No momento actual a maioría dos/as enfermos/as con MHO son tratados/as de forma percutánea con ablación septal alcohólica.
- C) A primeira actuación con este paciente debe ir dirixida ao implante dun dispositivo marcapasos DDDR.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

36. As infeccións seguen sendo a maior fonte de morbilidadade en pacientes con métodos de asistencia circulatoria. Sinale a afirmación INCORRECTA:

- A) A profilaxe preoperatoria para *Staphylococcus* sp. e *Staphylococcus* meticilin resistente está indicada.
- B) A profilaxe antibiótica de rutina debe incluír antifúnxicos.
- C) En todo/a paciente que se sospeite infección, debe realizarse analítica sanguínea completa, radiografía de tórax e hemocultivos.
- D) En pacientes con bacteremia debe realizarse tratamento antibiótico polo menos 7 días antes do implante da asistencia.

37. Un paciente 85 anos de idade, con HTA tratada con IECA, Diabetes Mellitus e hipercolesterolemia, FEVI de 35% e bloqueo de rama esquerda (QRS=155 ms) é diagnosticado de estenose aórtica severa sintomática. Ata o momento presente, o paciente levou unha vida autónoma para as actividades habituais. Respecto á actitude a manter, sinale a resposta CORRECTA:

- A) O paciente debe referirse a tratamento conservador pola elevada idade que ten.
- B) Debe realizarse valvuloplastia con balón e se mellora, valorar cirurxía de substitución valvular.
- C) O implante de válvula TAVI (transcatéter) é unha opción razoable dada a idade que presenta e as comorbilidades, sempre que se estime unha expectativa de vida superior a 1 ano.
- D) Dada a idade que ten e a FEVI deprimida e un QRS maior de 150 ms, a mellor opción é implantar un dispositivo de resincronización cardíaca para mellorar a función ventricular.

38. Cal dos seguintes NON se considera factor de mal pronóstico nun paciente co diagnóstico de comunicación interventricular postinfarto?

- A) Idade.
- B) Sexo feminino.
- C) Balón de contrapulsación intraaórtico preoperatorio.
- D) Infarto anterior.

39. Respecto a valvulopatía tricuspídea, cal destas afirmacións é INCORRECTA?

- A) A insuficiencia tricuspídea é unha das manifestacións máis frecuentes da enfermidade valvular cardíaca e pode afectar ao 65–85% da poboación.
- B) O ánulo tricuspídeo ten unha forma elíptica tridimensional en pacientes sans e a súa parte posteroseptal é a máis baixa e desviada cara ao ápex do VD, mentres que a anteroseptal é máis alta e próxima ao tracto de saída do VD e á válvula aórtica.
- C) Son causas de insuficiencia tricuspídea secundaria as valvulopatías ao lado esquerdo do corazón, a fibrilación auricular persistente e/ou a síndrome carcinoide.
- D) A insuficiencia tricuspídea progresa nun número significativo de pacientes a pesar de tratar cirurxicamente con éxito as lesións ao lado esquerdo.

40. Respecto á regurxitación mitral isquémica, indique a resposta FALSA:

- A) Na insuficiencia mitral aguda, a cirurxía de urxencia é a mellor opción, a pesar da alta mortalidade perioperatoria.
- B) A colocación dun anel sobredimensionado é a actitude con menos risco cirúrxico.
- C) A revascularización de vasos estenóticos non relacionado co infarto agudo, pode mellorar a supervivencia.
- D) A presenza de insuficiencia mitral tras o infarto relaciónase cunha menor expectativa de vida.

41. Con respecto á endocardite, que afirmación é VERDADEIRA?

- A) Debe considerarse a cirurxía cando os hemocultivos sigan positivos despois de 3 días de terapia antibiótica, despois de excluír outras causas de hemocultivos positivos persistentes.
- B) A TC multicorte cardíaco pode usarse para detectar abscesos e pseudoaneurismas cunha precisión diagnóstica similar ao do ecocardiograma transesofáxico.
- C) Débese avaliar e manexar aos pacientes con endocardite infecciosa complicada nunha fase temperá da enfermidade, nun centro de referencia, que dispoña de cirurxía cardíaca e conte cun equipo multidisciplinario.
- D) Todas as anteriores.

42. Que afirmación é CORRECTA segundo as guías da Sociedade Europea de Cardiología?

- A) En pacientes que van ser intervidos por valvulopatía aórtica, recoméndase a substitución da aorta ascendente cando é maior a 40 mm, se se trata dunha válvula aórtica bicúspide.
- B) En mulleres con síndrome de Marfan debe considerarse a substitución da aorta ascendente antes do embarazo cando é maior ou igual a 45 mm.
- C) En pacientes coa síndrome de Marfan, a dilatación da aorta xeralmente é máxima a nivel da aorta ascendente supracoronaria.
- D) Todas as anteriores son certas.

43. Que estratexias se empregan para previr a isquemia medular no tratamento dun aneurisma toracoabdominal?

- A) Drenaxe de líquido cefalorraquídeo.
- B) Revascularización da arteria subclavia esquerda no caso de oclusión.
- C) Revascularización das arterias hipogástricas no caso de oclusión.
- D) Todas as anteriores.

44. Segundo as actuais guías da Sociedade Europea de CardioloXía, cal destas afirmacións sobre os aneurismas de aorta torácica (AAT) descendente se considera VERDADEIRA?

- A) Polo xeral, os AAT descendente medran á mesma velocidade de progresión que os de aorta ascendente.
- B) Polo xeral, os AAT descendente medra máis rapidamente (3 mm/ano) que os de aorta ascendente (1 mm/ano).
- C) O tratamento dos aneurismas de aorta descendente segue sendo na súa maioría cirúrxico a pesar de advenimento e desenvolvemento das endopróteses.
- D) En casos de síndrome de Marfan ou outras elastopatías, prefírese a reparación aórtica torácica endovascular (TEVAR) á cirurxía.

45. Nas recomendacións sobre o tipo de revascularización para pacientes con enfermidade coronaria estable e anatomía coronaria adecuada para ambos os procedementos e baixa mortalidade cirúrxica estimada (segundo as guías da Asociación Europea de Cirurxía Cardiotorácica de 2018 sobre revascularización coronaria), na enfermidade de tronco coronario esquerdo (TCI) con SYNTAX menor ou igual a 22 e na enfermidade de 3 vasos en non diabéticos con SYNTAX menor ou igual a 22:

- A) A intervención coronaria percutánea (ICP) segue cunha recomendación clase IIa.
- B) A ICP equipárase á revascularización coronaria cirúrxica (CABG) cunha recomendación clase I.
- C) A CABG pasa a ter unha recomendación clase IIa.
- D) A ICP en ningún caso debería realizarse.

46. No tratamento dun "movemento sistólico anterior" ("systolic anterior motion" ou SAM) con compromiso hemodinámico e edema de pulmón grave no postoperatorio inmediato dunha anuloplastia mitral con anel ríxido. Que medidas terapéuticas consideraría máis CORRECTAS?:

- A) Iniciar perfusión de adrenalina intravenosa.
- B) Iniciar perfusión de dobutamina intravenosa.
- C) Iniciar perfusión de noradrenalina e esmolol intravenosos.
- D) As respostas b e c son correctas.

47. Segundo as guías da Asociación Europea de Cirurxía Cardiotorácica (EACTS) de 2017 en relación co diagnóstico e manexo das valvulopatías, sinala a opción INCORRECTA entre as seguintes afirmacións:

- A) Un gradiente medio maior ou igual a 5 mmHg a frecuencia cardíaca normal considérase indicativo de estenose tricuspídea clinicamente significativa.
- B) Na valoración das insuficiencias valvulares (mitral, aórtica e tricuspídea) considéranse parámetros cuantitativos: vea contracta, área do orificio efectivo regurxitante e volume regurxitante.
- C) Un valor de vea contracta maior de 6 mm e fluxo holodiastólico reverso en aorta descendente (velocidade telediastólica maior de 20 cm/s) corresponden a criterios de insuficiencia aórtica severa.
- D) Un radio PISA (área de superficie de isovelocidade proximal) maior de 9 mm² (medido con límite Nyquist de 28 cm/s), onda E dominante maior ou igual a 1 m/s (en ausencia doutras causas de elevación de presión auricular dereita) e unha vea contracta maior ou igual a 7 mm (medido con límite Nyquist de 50-60 cm/s) corresponden a criterios de severidade de insuficiencia tricuspídea severa.

48. Cal sería o tratamento de primeira elección dunha insuficiencia aórtica clasificada como tipo Ib na clasificación funcional da insuficiencia aórtica proposta por El Khoury?:

- A) Prótese vascular aórtica en aorta ascendente con remodelado da unión sino-tubular.
- B) Anuloplastia subcomisural.
- C) Unha técnica de reimplante (Técnica de David) ou ben unha técnica de remodelado (Técnica de Yacoub).
- D) Reparación con parche autólogo ou de pericardio bovino.

49. Sinale cal NON é unha vantaxe potencial da técnica de implante bicava fronte á biatrial no transplante cardíaco:

- A) Diminución do risco de arritmias no postoperatorio.
- B) Menor risco de alteración da funcionalidade da válvula tricúspide.
- C) Menor tempo de disección, preparación e implante no receptor.
- D) Mellor contractilidade auricular.

50. Un varón de 65 anos é intervido de estenose mitral severa e implántaselle unha prótese mecánica. Dous meses despois da alta, diagnósticaselle unha trombose da prótese mecánica, sen ningún evento embólico. Atópase clinicamente estable. Que afirmación é VERDADEIRA segundo as guías da Asociación Europea de Cirurxía Cardiorráctica?

- A) Se o trombo é menor de 10 mm e non existe antecedente de tromboembolismo, recoméndase fibrinólise.
- B) Se o paciente finalmente é reoperado e compróbase que estivo correctamente anticoagulado previo ao ingreso, recoméndase o implante dunha bioprótese (clase I, nivel C).
- C) Se se comprobaban INR previos por baixo do recomendado, recoméndase tratamento con heparina de baixo peso molecular e aspirina.
- D) Se o trombo é maior de 10 mm, recoméndase cirurxía urxente.

51. Sinale a resposta VERDADEIRA sobre a hipotermia en protección cerebral:

- A) Considérase hipotermia moi profunda se a temperatura nasofarínxea é inferior ou igual a 18° C.
- B) Considérase hipotermia profunda se a temperatura nasofarínxea está entre os 18 e 22° C.
- C) Considérase hipotermia moderada se a temperatura nasofarínxea está entre os 22 e 28° C.
- D) Considérase hipotermia lixeira se a temperatura nasofarínxea está entre os 28 e 34° C.

52. Nas recomendacións do consenso de expertos da Sociedade Europea de Cirurxía Cardiorráctica 2020 en relación co tratamento endovascular da aorta torácica e as enfermidades da aorta torácica, establécense os estándares de terminoloxía e nomenclatura. Un paciente diagnosticado de disección aórtica con afectación proximal desde caxato aórtico (a nivel de arteria carótida esquerda), con porta de entrada a nivel do propio caxato aórtico e con datos de malperfusión tanto a nivel de membro inferior esquerdo e como renal bilateral. Segundo a clasificación TEM, sinale a opción CORRECTA entre as seguintes:

- A) T-A, E-2, M-2.
- B) T-non A non B, E-2, M-2.
- C) T-non A non B, E-1, M-2.
- D) Ningunha opción é correcta.

53. Cal das seguintes afirmacións é FALSA en relación coa Tetraloxía de Fallot?:

- A) As crises hipercianóticas caracterízanse por paroxismos de hiperpnea, irritabilidade e pranto prolongado, e cianose crecente.
- B) Pode aparecer no contexto de síndromes como a síndrome de Noonan ou a síndrome de Williams entre outras.
- C) Tipicamente a Tetraloxía de Fallot presenta unha comunicación interventricular restritiva.
- D) É frecuente auscultar un sopro sistólico na parte media e superior do bordo esternal esquerdo.

54. Tras unha substitución valvular mitral cunha bioprótese de 31 mm nunha muller de 80 anos por insuficiencia mitral severa cun anel mitral severamente calcificado, ao pouco tempo de saír de circulación extracorpórea échese o campo de abundante sangue vermello procedente da cara posterior do corazón. Cal das seguintes afirmacións é FALSA sobre a complicación que sospeita?:

- A) A preservación do veo anterior mitral reduce a incidencia desta complicación.
- B) Esta complicación é máis frecuente en mulleres que en homes.
- C) Esta complicación adoita asociar unha mortalidade cirúrxica maior do 50%.
- D) Ata no 10% a 30% dos pacientes pode aparecer un hematoma pequeno ou moderado no suco auriculoventricular esquerdo tras a substitución valvular mitral.

55. Sinale a resposta FALSA sobre o "precondicionamento isquémico" como método adxuvante de protección miocárdica:

- A) Esta técnica parece estimular mecanismos innatos cardioprotectores para atenuar a lesión por isquemia-reperusión.
- B) O "precondicionamento isquémico remoto" demostrou claramente os mesmos beneficios.
- C) Estimula os receptores de adenosina dos miocitos.
- D) Reduce a resposta inflamatoria e atenúa a disfunción endotelial durante a reperusión.

56. Cal das seguintes técnicas NON se emprega na ampliación de anel aórtico?

- A) David III.
- B) Konno.
- C) Manouguian.
- D) Yamaguchi.

57. A Sociedade Española de Cirurxía Cardiovascular e Endovascular (SECCE) en consenso coa Sociedade Española de Anestesia, estableceu en 2020 as recomendacións para a cirurxía de aorta ascendente e do arco aórtico. A hipotermia demostrou diminuír exponencialmente o metabolismo celular, os radicais libres e o edema cerebral postisquemia. En relación coa vantaxes da hipotermia así como os seus efectos secundarios indicados nas guías SECCE, sinale a opción INCORRECTA:

- A) Aumenta as resistencias vasculares sistémicas.
- B) Unha temperatura de 18°C clasifícase como hipotermia profunda.
- C) Proporciona protección da función endotelial vascular cerebral.
- D) Maior risco de fracaso multiorgánico.

58. En canto ás probas diagnósticas na disección aórtica aguda, que afirmación é VERDADEIRA?

